

Tema22

A agonía do franquismo e os inicios da transición

(1973-1977)

Agonía do franquismo

Os últimos anos do franquismo foron os máis axitados. Os tímidos cambios introducidos non puideron ocultar a **incapacidade do réxime para se adaptar ás profundas transformacións socio-económicas e culturais** que experimentara España desde os comezos dos anos 60. Pola súa parte, a **oposición** política incrementara os seus apoios en base ás novas realidades sociais emerxentes: a expansión dunha clase obreira que reclamaba liberdade sindical e dereito á folga, a chegada á Universidade de xoves procedentes das capas populares, a insatisfacción en medios intelectuais ante os pechados horizontes culturais do réxime... Estaba claro que o franquismo se ía atopar con serias dificultades para sobrevivir a Franco.

O ano 1973 resultou especialmente grave para Franco e o seu réxime pola crise do petróleo e a morte de Carrero:

A **crise de petróleo** comezou pola suba dos prezos do petróleo decretada pola OPEP a raíz da guerra árabe-israelí, en España os efectos da crise (inflación, paro...) foron especialmente fortes xa que o goberno de Franco non adoptou ningún tipo de medida para resolvela. A crise provocou un espectacular crecemento da conflitividade social, a pesar de estaren prohibidas o número de folgas creceu exponencialmente.

No 1973 Franco renunciou a exercer a **Xefatura do Goberno**, función que asumiu **Carrero Blanco**. Pretendíase que Carrero garantise a pervivencia do franquismo baixo a inminente monarquía de Juan Carlos, pero a súa morte nun atentado de ETA (Operación Ogro), en Decembro dese mesmo ano, frustrou tal perspectiva.



Carrero Blanco tomando posesión do cargo de Presidente do Goberno



C. Arias Navarro con F. Franco

Asumiu a presidencia do goberno outro franquista Arias Navarro, polo que non houbo grandes cambios.

O novo goberno atopouse cunha **contestación** desde todas as bandas, manifestándose así as **tres alternativas políticas de futuro**: a inmovilista, a aperturista e a rupturista:

- **O inmovilismo**: defendido polos sectores do réxime opostos a calquera cambio político ("búnker").

- **A ruptura democrática**: defendida polas plataformas da oposición democrática moi activa nos últimos anos do franquismo. Propugnaba a superación do franquismo mediante a mobilización popular, a constitución dun Goberno provisional integrado polas forzas opositoras e a convocatoria de eleccións libres e dun referendo sobre a forma de Estado.

- **A aperturista ou reformista**: propugnada polos sectores do propio franquismo que pretendían proceder desde dentro a unha reforma das súas institucións nun sentido democrático.

A situación agravouse ao longo de 1974 e 1975 co empeoramento do estado de **saúde do ditador**. Pola súa parte, a oposición acentuou a súa ofensiva e creáronse plataformas unitarias que agrupaban aos distintos sectores que a conformaban (como a *Xunta Democrática*, aglutinada ao redor do PCE, e a *Plataforma Democrática*, ao redor do PSOE). O Goberno respondeu coa aprobación dunha "Lei Anti-terrorista", que tivo como consecuencia inmediata a execución de cinco activistas de ETA e o FRAP (Frente Revolucionario antifascista y Patriótico) en Setembro de 1975, desatando toda unha onda de protestas e mobilizacións internacionais.

Por último, outro motivo de preocupación constituíuno o **conflicto do Sahara**, no que España cedeu ás presións de Marrocos (Marcha Verde) -apoiado polos EE.UU.- e entregou o territorio do Sahara español a Marrocos e Mauritania para o seu reparto, incumprindo coa súa promesa de permitir un referendo de autodeterminación no territorio.

A fin do réxime estaba cerca. Só faltaba a morte de Franco, afectado pola enfermidade de Parkinson desde 1965, sufrira unha grave tromboflebite en xullo de 1974; desde o hospital, Franco encarga a Xoán Carlos que asuma a xefatura do estado, pero 11 días despois Franco retoma as súas funcións.

A revolución dos caraveis en Portugal (abril 1974) e a caída do réxime dos coroneis en Grecia (xullo 1974) deixaban a Franco como o último ditador de Europa occidental. O 17 de outubro de 1975, despois de sufrir un infarto, aínda presidiu un Consello de ministros; pero nas semanas seguintes presentáronse todo tipo de complicacións que lle ocasionaron unha longa e terrible agonía morrendo o 20 de novembro de 1975, xustamente 39 anos despois de Xosé Antonio Primo de Rivera, foi enterrado xunto a el no Valle dos Caídos. A súa morte abriu un proceso que en poucos anos ía conducir ao desmantelamento completo da ditadura a pesar de que el pensou que deixaba todo "atado y bien atado".

O proceso da **TRANSICIÓN DEMOCRÁTICA** (desmantelamento das estruturas políticas franquistas e instauración dun réxime democrático) foi posible pola conxunción de varios **FACTORES**:

- **As transformacións socio-económicas** experimentadas pola sociedade española desde os anos 60, que contrastaban coa pervivencia dun réxime político ditatorial xurdido da Guerra Civil e que apenas sufrira cambios de fondo ao longo dos seus case corenta anos de existencia.
- **O acceso á actividade política de xeracións novas que non viviran os enfrontamentos da Guerra Civil** e para as que era máis doado chegar a unha política de consenso e reconciliación. A poboación española, aínda que na súa maioría apolítica, estaba maioritariamente a favor dun cambio democrático sen grandes riscos.
- **Un contexto internacional favorable** (moito máis que o da II República). En 1975 o réxime de Franco constituía unha anomalía en Europa occidental e pecháballe a España o acceso ás institucións comunitarias europeas. Porén a situación económica mundial non era tan favorable xa que persisten e se agudiza nas consecuencias da crise do petróleo de 1973..



Xoán carlos I con F. Franco

O 20 de novembro de 1975, e seguindo as disposicións establecidas por Franco, puxéronse en marcha os mecanismos legais para garantir a continuidade do réxime. O día 22 Xoán Carlos I é proclamado rei ante o pleno das Cortes, momentos despois pronuncia o seu primeiro discurso oficial: con lembranzas a memoria de Franco e algunhas referencias tenues de renovación. O día 27 realizouse a cerimonia de coroación, nela o cardeal Tarancón pronunciou a súa célebre homilía: "Pido que sexades o rei de todos os españois"

Xoán Carlos inicia o seu reinado e a súa primeira decisión é confirmar como presidente do goberno a Carlos Arias Navarro. O seu goberno integra a algúns ministros reformistas como *Fraga e Areilza*, pero segue a liña do anterior á morte de Franco de aperturismo limitado: represión selectiva sobre a oposición, intento de implantar unha "democracia á española" sen modificar en profundidade o marco político franquista e sen que haxa un verdadeiro pluralismo.

Este novo goberno non satisfai nin á *oposición democrática* nin aos sectores máis inmovilistas do franquismo (*búnker*). Prodúcese ademais graves problemas de orde pública: aumento da conflitividade social e do número de folgas, folga xeral de Vitoria (5 traballadores mortos a mans da policía), sucesos de Montejurra (enfrentamento entre faccións carlistas: 2 mortos). A oposición mantén o seu *programa rupturista* e intensifica a *mobilización cidadá*. En Xuño de 76 o rei viaxa a EE.UU. onde fai unha declaración de *propósitos democráticos* ante o Congreso americano. Tamén crítica ao presidente Arias nunha entrevista na revista Newsweek. Ante esta situación e presionado desde diversos sectores, Arias Navarro presenta a dimisión.



Adolfo Suárez

Ante a **sorpresa xeral**, en xullo do 76 o rei elixe a **Adolfo Suárez** para substituír a Arias. Suárez era un político procedente do Movemento, fora director de TVE e Ministro do Movemento polo que foi recibido con desconfianza pola oposición. Sen embargo o novo Goberno pon en marcha o seu programa reformista; democratización paulatina respectando a legalidade franquista e realizada desde dentro das institucións herdadas, para conseguilo necesitaría:

- neutralizar aos sectores inmovilistas, en particular ao Exército
- lograr que a oposición abandone a liña rupturista e se incorpore ao proceso de reforma.

Os **pasos do proxecto de reforma** foron:

1- Declaración programática do goberno (Xullo.76): Propón crear unha democracia moderna en España. amnistía para os presos políticos, reforma institucional e celebración de eleccións nun prazo máximo dun ano. Ninguén pensaba que se puidera realizar...

2- Lei para a Reforma Política: contempla o respecto aos dereitos individuais e a instauración por sufraxio universal dunhas Cortes bicamerais. Foi elaborada polo presidente das Cortes, *Torcuato Fernández Miranda*. A idea era chegar a democracia desde a legalidade vixente (da lei á lei), polo tanto a reforma tiña que ser aprobada polo Consello Nacional do movemento e polas Cortes, institucións controladas por franquistas. Para lograr a súa aprobación Suárez e Fernández Miranda empregaron todos os seus recursos e influencias e conseguiron que o Consello a aprobara.

3- Aprobación polas Cortes: O proxecto foi enviado polo procedemento de urxencia e aprobado despois de tensos debates en novembro de 1976: as Cortes votaron así a súa autodisolución (o "harakiri": explícase pola implicación do rei no procesos e as garantías ofrecidas aos procuradores dunha "transición sen riscos": conservación do seu status social e económico, non petición de responsabilidades aos implicados no réxime anterior, hexemonía da dereita política e exclusión da esquerda radical...), Iniciábase así a disolución do franquismo. Só faltaba que a LRP fora aprobada en referendo.

4- Foi aprobada logo en Referendo en Nov.76: aínda que a oposición democrática pedía a abstención, e o bunker pedía o non, os resultados foron favorables ó goberno: Participación 77,4%, Sis 94%, Nos 2,6%

Imaxes : WikiComkons (Dominio Público)